

Alberuela.
 Alcalá de Gurrea.
 Alcalá de Obispo.
 Alcolea de Cinca.
 Alcubierre.
 Almúdevar.
 Almuniente.
 Argavieso.
 Barbastro.
 Barbués.
 Berbegal.
 Buñales.
 Candasnos.
 Capdesaso.
 Castejón de Monegros.
 Castejón del Puente.
 Castelflorite.
 Castillazuelo.
 El Grado.
 Grañén.
 Gurrea de Gállego.
 Hoz e Costeán.
 Huerto.
 Ilche.
 Lalueza.
 Lanaja.
 Laperdiguera.
 Monflorite-Lascasas.
 Monzón (polígonos 1, 2, 27, 28, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38,
 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47 e 48).
 Ontiñena.
 Peñalba.
 Peralta de Alcofea.
 Peraltilla.
 Pertusa.
 Piracés.
 Poleñino.
 Pozán de Vero.
 Puedo de Fañanas.
 Novales.
 Robres.
 Salas Altas.
 Salas Bajas.
 Salillas.
 San Miguel de Cinca.
 Sangarrén.
 Sariñena.
 Sena.
 Senés de Alcubierre.
 Sesa.
 Siétamo.
 Tabernas de Isuela.
 Tardienta.
 Torralba de Aragón.
 Torres de Alcanadre.
 Torres de Barbués.
 Tramaced.
 Valfarta.
 Vicién.
 Villanueva de Sigena.
 Provincia de Zaragoza:
 La Almolida.
 Bujaraloz.
 San Mateo.
 Zuera.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

13335 *REAL DECRETO 942/2005, do 29 de xullo, polo que se modifican determinadas disposicións en materia de hidrocarburos. («BOE» 184, do 3-8-2005.)*

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 25 de febreiro de 2005, aprobou o Acordo polo que se adoptan mandados para pór en marcha medidas de impulso á produtividade.

No punto trixésimo segundo do citado acordo, establece un mandado ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para que presente un proxecto de real decreto de reformas para o impulso da produtividade no sector enerxético, e en materia de hidrocarburos establece, en concreto, o seguinte:

«7. Modificar o Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución comercialización, fornecemento e procedemento de autorización de instalacións de gas natural, para que as empresas distribuidoras de gas natural melloren a calidade e a facilidade de acceso á información dispoñible por parte dos usuarios conectados ás súas redes co fin de facilitar aos usuarios finais o cambio de empresa fornecedora.

8. Modificar o Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución comercialización, fornecemento e procedemento de autorización de instalacións de gas natural, co fin de mellorar o contido da información das facturas aos usuarios.

9. Modificar o Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, co fin de conseguir unha maior transparencia nos prezos e condicións dos servizos complementarios que as empresas distribuidoras prestan ás empresas comercializadoras.

10. Modificar o Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, adecuando as datas de publicación das ordes ministeriais que regulan o réxime económico do sector de gas natural á dispoñibilidade dos datos para o seu cálculo e ao procedemento establecido.»

En cumprimento do disposto no citado acordo do Consello de Ministros, este real decreto realiza as modificacións necesarias na lexislación para adecuala ao disposto nel. Neste senso, o real decreto recolle diversas medidas encamiñadas a incrementar a transparencia e facilitar o cambio de empresa fornecedora, especialmente para os clientes doméstico-comerciais e para as pequenas industrias.

Entre as medidas adoptadas para a consecución do obxectivo citado, cabe destacar a mellora da información dispoñible tanto para os consumidores como para as empresas comercializadoras: mellórase a información que deben conter as facturas de gas natural emitidas polas empresas, de forma que coa información contida nelas sexa posible realizar o cambio de fornecedor. Ao mesmo tempo, mellórase a información que as empresas distribuidoras deben ter dispoñible para os usuarios conectados ás súas instalacións, e establécese a posibilidade de acceder a esa información mediante procedementos telemáticos.

Ademais, inclúense medidas destinadas a incrementar a transparencia nos servizos complementarios que as empresas distribuidoras prestan ás comercializadoras de

gas, de forma que aquelas deberán publicar na súa páxina web as condicións e prezos en que prestan tales servizos, que deberán ser aplicados en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias.

No que respecta ao réxime económico do sector de gas natural, modifícase a data límite para a publicación das ordes ministeriais correspondentes, que se adianta ao día 1 de xaneiro, para facer coincidir os períodos de cobramentos das novas tarifas, peaxes e canons co período correspondente á retribución.

Así mesmo, clarifícase a regulación na materia relativa ás instalacións receptoras comunitarias, de forma que as diferentes opcións de financiamento destas, alén de contribuíren á extensión das redes de gas natural, non constitúan obstáculo ao cambio de fornecedor.

En relación ao mercado de hidrocarburos líquidos, a partir do 1 de xaneiro de 2009 prohibese a comercialización en todo o territorio nacional das gasolinas de substitución, e déixase unha vía loxística aberta para a distribución de carburantes menos contaminantes.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2005,

DISPÓN O:

CAPÍTULO I

Hidrocarburos gasosos

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.*

O Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 29 queda redactado como segue:

«1. Os dereitos de alta son as percepcións económicas que poden percibir as empresas distribuidoras de gas natural ao contrataren a prestación do servizo de fornecemento de combustibles gasosos por canalización cun novo usuario. A empresa distribuidora inspeccionará a instalación receptora, unha vez recibido o boletín do instalador autorizado e procederá, se é o caso, a instalar e precintar o equipamento de medida do usuario.

Os dereitos de alta son de aplicación a novos fornecementos e á ampliación dos existentes. Estarán incluídos nestes dereitos os servizos de enganche e verificación das instalacións.

Os dereitos de alta que perciba o distribuidor para un mesmo tipo de consumidor terán o mesmo valor, con independencia de que o novo fornecemento se contrate no mercado regulado ou no mercado liberalizado.»

Dous. Engádese un novo artigo 30 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 30 *is.* *Instalacións receptoras comúns.*

1. As instalacións receptoras comúns son a parte da instalación receptora que é común a varios consumidores de gas natural e inclúe as conducións e accesorios comprendidos entre a chave do edificio ou a chave da conexión de servizo se aquela non existe, excluída esta e as chaves de cada aboado.

2. As empresas distribuidoras, co fin de estender o fornecemento de gas natural, poderán promover a construción de instalacións receptoras comúns. Durante o período de amortización destas, manterán a súa titularidade, en condicións libremente pactadas entre as partes.

3. Os contratos entre as empresas distribuidoras e os usuarios finais en relación ás instalacións receptoras comúns deberán incluír ao menos os seguintes datos:

a) Importe que deberá aboar o usuario polo uso da instalación, incluíndo o seu mantemento, así como a súa actualización ao longo do tempo.

b) Períodos de facturación do citado importe.

c) Prazo de reversión das instalacións aos consumidores. O citado prazo non poderá exceder en ningún caso o período de 20 anos, contado desde a posta en servizo da instalación.

d) Condicións para a incorporación de novos clientes.

e) No contrato deberá figurar de forma explícita unha cláusula que indique que as instalacións se encontran incluídas no acceso de terceiro e que a formalización do citado contrato non supón para o consumidor ningún compromiso respecto á empresa que lle debe fornecer o gas natural.

f) Condicións de mantemento das instalacións antes e despois da súa reversión aos usuarios.

4. A facturación polo uso da instalación receptora común poderase realizar xunto coa facturación dos demais servizos que preste a empresa fornecedora de gas, concepto que figurará de forma explícita na factura. Ademais, especificarase que corresponden aos prezos acordados nun contrato privado.

5. As instalacións receptoras comúns, con independencia da súa titularidade, non terán a consideración de instalacións de distribución.

6. As empresas distribuidoras que promovan a construción de instalacións receptoras comúns deberán levar na súa contabilidade interna contas separadas desta actividade.»

Tres. O número 2 do artigo 43 queda redactado como segue:

«2. As empresas distribuidoras disporán como soporte do sistema de intercambio de información dunha base de datos que conteña toda a información que permita facer efectivo o cambio de fornecedor. Nesta base de datos, que estará permanentemente actualizada, deberán constar todos os puntos de fornecemento conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona, con independencia de que teñan contrato de fornecemento vixente, e para cada un deles recolleranse ao menos os seguintes datos:

a) Datos relativos ao punto de fornecemento:

1.º Código de identificación do punto de fornecemento.

2.º Empresa distribuidora.

3.º Localización do punto de fornecemento: enderezo, poboación e provincia.

4.º Presión de fornecemento.

5.º Características do punto de fornecemento: tarifa ou peaxe actual ou previsto, caudal máximo contratado, se é o caso.

6.º Data da última revisión e da última inspección das instalacións receptoras individuais, así como o seu resultado.

7.º Consumos dos dous últimos anos e caudais medidos periodicados segundo facturación, e, se é

o caso, os caudais máximo e mínimo medidos con detalle mensual.

8.º Código identificador do equipamento de medida.

9.º Características e propiedade do equipamento de medida.

10.º Data do último movemento de contratación do consumidor para efectos tarifarios.

11.º Data do último cambio de comercializador do consumidor.

12.º Perfil de consumo que se aplica ao consumidor para a estimación do consumo.

b) Datos relativos ao consumidor:

1.º Datos do consumidor: nome, enderezo, NIF ou CIF.

2.º Empresa que realiza o fornecemento e data de inicio do fornecemento por esta.

3.º Empresa que efectúa a medida.

4.º Data de saída do cliente de tarifa ao mercado liberalizado, se é o caso.

5.º Data de volta do cliente a tarifa, se se produce.

A información recollida na alínea a) relativa ao punto de fornecemento será accesible a todos os transportistas, distribuidores e comercializadores, e a información recollida na alínea b) relativa ao consumidor soamente será accesible para este, mediante a presentación do código de identificación do punto de fornecemento e do NIF ou CIF do consumidor ou de calquera outro dato que o identifique formalmente. Así mesmo, poderá acceder á información recollida na alínea b) calquera suxeito que presente a documentación anterior, así como unha autorización expresa e por escrito do consumidor.

Non obstante o sinalado anteriormente, os consumidores poderán prohibir por escrito aos distribuidores a difusión dos datos que sinalen expresamente.

O código de identificación do punto de fornecemento porase en coñecemento da Comisión Nacional de Enerxía, para os efectos do desenvolvemento das súas funcións en relación coas propostas de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector do gas natural.»

Catro. Engádense dous novos números 4 e 5 ao artigo 43, coa seguinte redacción:

«4. As empresas distribuidoras que teñan conectados ás súas instalacións máis de 50.000 clientes e aquelas que estean por baixo do citado límite pero pertenzan a un grupo de sociedades en que figuren empresas distribuidoras que en total sumen máis de 50.000 clientes porán a dispor de todos os usuarios conectados ás súas redes a información a que se refire o número 2, mediante procedementos de acceso telemático.

5. O incumprimento do disposto nos números 3 e 4, así como o incumprimento reiterado e inxustificable dos prazos establecidos para levar a cabo o cambio de fornecedor, terá a consideración de infracción grave de acordo co disposto no artigo 110.e) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.»

Cinco. Engádense un novo número 5 ao artigo 44, coa seguinte redacción:

«5. Nos casos en que existan instalacións receptoras comúns cuxo titular sexa a empresa distribuidora e o consumidor se forneza a través dunha empresa comercializadora, será a empresa comercializadora a que aboe á empresa distribuidora e

facture por conta do distribuidor ao cliente os dereitos de cobramento e obrigas de pagamento, respectivamente, que correspondan.»

Seis. O artigo 53 queda redactado como segue:

«Artigo 53. *Contido das facturas.*

1. As facturas pola aplicación de tarifas, peaxes e canons expresarán todas as variables que serven de base para o cálculo da cantidade por cobrar.

2. As facturas das empresas distribuidoras aos seus consumidores a tarifa e a das empresas comercializadoras aos seus consumidores deberán incluír, como mínimo, a seguinte información:

a) Código de identificación universal do punto de fornecemento (CUPS).

b) Data de emisión da factura.

c) Período a que corresponde a facturación e lecturas do contador nese período.

d) Consumo de gas facturado para ese período.

e) Indicación de se o volume facturado é real ou estimado.

f) Tarifas aplicadas e, se é o caso, disposicións oficiais en que se aprobaron e datas de publicación no "Boletín Oficial del Estado".

g) Factores de conversión de unidades aplicados, coa súa xustificación.

h) Descrición detallada da regularización en caso de terse realizado unha estimación do consumo en períodos precedentes.

i) Indicación das porcentaxes correspondentes á imputación de custos destinados á retribución do xestor técnico do sistema e a Comisión Nacional de Enerxía, se é o caso.

j) Teléfono de atención de urxencias.

k) Historial de consumo facturado do punto de fornecemento durante os dous últimos anos ou desde a data dispoñible en caso de terse iniciado o fornecemento pola empresa con posterioridade.

l) Nas facturas dos comercializadores aos consumidores, ademais, deberá figurar a tarifa de acceso a que estivese acollido o fornecemento.

3. As facturas do titular das instalacións aos comercializadores e consumidores cualificados que fagan uso do dereito de acceso de terceiros á rede, polo termo de condución da peaxe de transporte e distribución, conterán como mínimo a información reflectida no número anterior, excepto a das alíneas j), k) e l).

A facturación do titular das instalacións aos comercializadores poderase realizar mediante unha factura agregada e xuntar o detalle de facturación coa información de cada cliente en formato electrónico.

4. O comercializador incluírá, se é o caso, na súa factura a cantidade correspondente ao aluguer de contadores ao consumidor por parte do distribuidor. Este concepto deberá figurar detallado na factura que presenten aos seus clientes.

No caso de o comercializador realizar a facturación do aluguer de contadores, por conta do distribuidor, deberá figurar no contrato do comercializador que este teña co consumidor.

5. O distribuidor estará obrigado a comunicar a calquera consumidor conectado ás súas instalacións que o solicite o código de identificación universal do punto de fornecemento que lle corresponde, xunto coa información necesaria para facilitar o cambio de fornecedor.

6. O incumprimento do disposto neste artigo terá a consideración de infracción grave de acordo

co disposto no artigo 110.e) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.*

O Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 8 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«8. Os suxeitos con dereito de acceso poderán subscribir contratos para a utilización doutros servizos e instalacións que inclúan servizos ou condicións distintas aos regulados neste real decreto, que serán libremente pactados entre as partes. Tales servizos serán ofrecidos a todos os suxeitos que estivesen interesados neles, en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias. Para isto, as empresas distribuidoras que ofrecen algún destes servizos deberán publicar na súa páxina web, de forma actualizada, os prezos e condicións en que ofrecen cada un deles. Os ingresos derivados destas actividades e os custos asociados a eles non serán tidos en conta para o cálculo da retribución.»

Dous. O primeiro parágrafo do número 6 do artigo 16 queda redactado como segue:

«6. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá, antes do día 1 de xaneiro de cada ano, os custos fixos por retribuír para cada empresa ou grupo de empresas para ese ano, así como os valores concretos dos parámetros para o cálculo variable que lles corresponda. A determinación dos custos por retribuír realizarase de acordo co disposto neste real decreto, e sen prexuízo das altas e feches das instalacións que se produzan para o período considerado.»

Tres. O número 3 do artigo 19 queda redactado como segue:

«3. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, determinará, antes do 1 de xaneiro de cada ano, a retribución que corresponda percibir ás empresas transportistas polo exercicio desta actividade.»

Catro. O primeiro parágrafo do número 5 do artigo 20 queda redactado como segue:

«5. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá, antes do día 1 de xaneiro de cada ano, a retribución que corresponda percibir a cada empresa distribuidora ou grupo de empresas.»

Cinco. O número 3 do artigo 22 queda redactado como segue:

«3. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá, antes do día 1 de xaneiro de cada ano, a retribución que corresponda percibir ás empresas distribuidoras pola actividade de fornecemento de gas a tarifa. A actualización anual realizarase de acordo coas principais magnitudes económicas e as melloras na produtividade.»

Seis. O segundo parágrafo do artigo 23 queda redactado como segue:

« O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá, antes do día 1 de xaneiro de cada ano, a retribución que corresponde percibir ao xestor técnico do sistema polo exercicio desta actividade.»

Sete. O artigo 24 queda redactado como segue:

«Artigo 24. *Obrigações de información.*

1. Para determinar os custos recoñecidos a cada instalación e a retribución correspondente, as empresas comunicarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, antes do 1 de novembro de cada ano, os datos técnicos e económicos referentes ás novas instalacións postas en servizo, ampliacións, modificacións, transmisións e feches correspondentes aos últimos 12 meses. Así mesmo, deberán remitir as previsións de compra e venda de gas para o fornecemento a tarifas para o ano seguinte e os custos asociados a esta actividade.

2. As empresas distribuidoras de gas natural deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, na forma e detalle que esta determine, antes do día 1 de novembro de cada ano, as previsións dos datos técnicos e económicos para o ano seguinte, especificando, entre outros, os investimentos, o consumo e número de clientes subministrados, a capacidade contratada, as vendas e clientes incorporados, todo isto por nivel de presión, tipo de fornecemento e rango de volume. Así mesmo, comunicarse a evolución dos quilómetros de rede, con indicación das presións.

As empresas distribuidoras de gas natural deberán, así mesmo, comunicar á citada dirección xeral os custos correspondentes ao fornecemento de gas ao mercado a tarifa.

3. O xestor técnico do sistema deberá comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, na forma e detalle que esta determine, antes do día 1 de novembro de cada ano, os datos técnicos e económicos relativos ao ano anterior, imputables á actividade de xestión técnica do sistema, así como a súa previsión para o ano en curso.

4. Para os efectos de comprobar a información anterior, as empresas transportistas, distribuidoras e o xestor técnico do sistema deberán realizar auditorías externas en que se especificará calquera outra información relevante habida durante o período correspondente. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio determinará os contidos mínimos das citadas auditorías e a periodicidade de realización destas.»

CAPÍTULO II

Hidrocarburos líquidos

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1700/2003, do 15 de decembro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo e o uso de biocarburantes.*

Engádese un parágrafo ao artigo 1.e) do Real decreto 1700/2003, do 15 de decembro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo e o uso de biocarburantes, coa seguinte redacción:

«A partir do 1 de xaneiro de 2009, prohíbese a comercialización en todo o territorio nacional destas gasolinas de substitución.»

Disposición adicional primeira. *Cambio dun consumidor do mercado liberalizado ao mercado regulado.*

Os consumidores cuxo consumo anual de gas natural sexa igual ou superior a 100 millóns de kWh soamente poderán solicitar o cambio do mercado liberalizado ao mercado regulado transcorrido un período mínimo de permanencia no mercado liberalizado de tres anos.

A contabilización do período de tres anos iníciarase coa entrada en vigor deste real decreto ou na data de cambio no caso de o paso ao mercado liberalizado se realizar con posterioridade á entrada en vigor.

A solicitude de cambio ao mercado regulado debe realizarse cunha anticipación mínima de seis meses á data prevista de cambio de fornecedor.

O distribuidor contestará á solicitude de cambio ao mercado regulado no prazo dun mes desde que a recibiu, e indicará se a solicitude cumpre as condicións establecidas no artigo 47.2 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, e, se se cumprisen esas condicións, procederá a efectuar o cambio ao mercado regulado na data solicitada.

O disposto nos parágrafos anteriores aplicarase igualmente á tramitación polos distribuidores de toda solicitude de consumidores con consumo anual igual ou superior a 100 millóns de kWh, aos cales non se lles iniciase o fornecemento efectivo no mercado regulado, nin tampouco se lles notificase unha resposta favorable á súa solicitude na data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Novas altas no mercado liberalizado e requisitos de transparencia.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a Comisión Nacional de Enerxía elaborará un informe e unha proposta de procedemento para a contratación de novos fornecementos directamente no mercado liberalizado.

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a Comisión Nacional de Enerxía elaborará un informe e unha proposta que recolla os requisitos adicionais sobre acceso de terceiros a instalacións.

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a Comisión Nacional de Enerxía elaborará un informe e unha proposta de tarifas de aluguer dos equipamentos de teledeteción e as súas fórmulas de actualización.

Disposición transitoria primeira. *Contratos de empresas distribuidoras en relación ás instalacións receptoras comúns.*

As empresas distribuidoras que teñan en vigor contratos con usuarios polo uso de instalacións receptoras comúns, das cales sexan propietarias, deberán adaptar o seu contido ao disposto no artigo 30 bis do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, antes de transcorrer seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Ademais, cando as empresas distribuidoras sustentasen os canons por instalacións receptoras comúns como

carga das escrituras públicas de división horizontal dos predios, deberán realizar o levantamento de tales cargas á súa custa, e proceder á sinatura dos correspondentes contratos coa persoa física ou xurídica que deba responder do pagamento da instalación receptora común, segundo os requisitos e prazos establecidos neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Prazos para o cumprimento de novos requisitos.*

As empresas distribuidoras deberán adecuar os seus sistemas para dar cumprimento ao disposto no artigo 43.4 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, antes de transcorrer seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

As empresas distribuidoras e as empresas comercializadoras deberán adaptar as súas facturas ao disposto no artigo 53 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, antes de transcorrer seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango no que se opoña ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Este real decreto ten carácter básico de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a, 15.^a e 25.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOSÉ MONTILLA AGUILERA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13336 *REAL DECRETO 893/2005, do 22 de xullo, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria sobre os aditivos na alimentación animal. («BOE» 184, do 3-8-2005.)*

Após a aprobación do Regulamento (CE) n.º 1831/2003 do Parlamento europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2003, sobre os aditivos na alimentación animal, quedan derogadas a Directiva 70/524/CEE do Consello, do 23 de novembro de 1970, sobre os aditivos na alimentación